

Material didáctico secundaria · 41.º Concurso Escolar ONCE

concursoescolaronce.es/material-secundaria/detectar/

Detectar

[Descargar PDF](#)

1. FACENDO EQUIPO

DESCRIPCIÓN DA DINÁMICA:

Nesta segunda dinámica, os alumnos terán que poñerse na pel doutras persoas para vivenciar distintas situacións.

Por medio desta actividade grupal, baseada nun role play, os alumnos e alumnas traballarán a **empatía** e a **escoita activa**.

Agrupados por equipos, dispoñerán de dúas tarxetas sacadas ao azar: unha coa descrición dunha situación e outra coa descrición do personaxe (con ou sen discapacidade) ao que lle afecta esa situación e da que é protagonista.

Cada tarxeta dispón dunha batería de preguntas reflexivas: ao emparellar personaxe e situación, o equipo terá que poñerse no lugar do personaxe, responder as preguntas e acordar unha solución baseada na empatía e o respecto, para evitar o caso de soidade non desexada.

Que son a empatía e a escoita activa

A empatía é a capacidade de entender as emocións da outra persoa, aínda que non se compartan. Defínese como a habilidade de **poñerse no lugar de outra persoa** e comprender **como se sente nunha determinada situación**.

A escoita activa, ou empática, é cando se escoita para **comprender á outra persoa**, centrando a atención nela.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Reflexionar sobre situacións sociais para tomar decisións empáticas e consecuentes coa situación, baseadas na escoita activa e no respecto polos demais.
- Fomentar a empatía polos compañeiros e compañeiras do grupo-clase.

DURACIÓN DA ACTIVIDADE:

15 minutos.

PAUTAS DE REALIZACIÓN:

1. Organiza equipos de 3-5 alumnos e reparte, ao azar, unha tarxeta de situación e outra de personaxe.
2. Por quendas, cada integrante do equipo debe responder as preguntas que se expoñen en cada tarxeta, primeiro empatizando co personaxe e poñéndose no seu lugar, e despois respondendo de forma persoal.
3. Cada equipo, tras a rolda de preguntas reflexivas, debe chegar a unha solución que permita ao personaxe evitar unha situación de soidade non desexada.
4. Posta en común para acordar as actitudes que deben ter o grupo-clase se se atopan con situacións parecidas no centro escolar.

[Descargar as tarxetas dos personaxes](#) [Descargar as tarxetas das situacións](#)

FINALIDADE DIDÁCTICA AXUSTADA AO TRABALLO DE PARTICIPACIÓN:

- Fomentar a escoita activa, a observación e a empatía como puntos de partida para sensibilizarse ante situacións de soidade non desexada no ámbito escolar.
- Empatizar con compañeiros e compañeiras do centro escolar.